

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a adxudicar o contrato de prestación de servizos de axuda no fogar do Concello de Oroso

Tendo en conta que neste contrato o órgano de contratación sería o Pleno da Corporación pero que dita competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, polo que lle corresponderá a esta a adopción do acordo que proceda.

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

Polo tanto pese a que a competencia sexa da Xunta de Goberno requirirá previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Familia, Benestar, Igualdade, Cultura e Ensino.

PRIMEIRO: CONVOCAR unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Familia, Benestar, Igualdade, Cultura e Ensino que terá lugar o:

Día: 07/04/2025

Hora: 08:00 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 09:00 horas a 2ª. Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.- Aprobar a adxudicación do contrato de prestación de servizos de axuda no fogar do Concello de Oroso (Exp. 2024/C004/000002).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral, así como copia da minuta do acta que se leva a aprobación.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orocho.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Orocho, asinado dixitalmente
O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.